

Orde do 31 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento BS321A).

A Constitución española sinala, no seu artigo 48, que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27, parágrafos 22, 23 e 24, que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, que se aplica, entre outros, ao ámbito da xuventude.

A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia sinala, no artigo 7, que constituirán obxectivos prioritarios da planificación xeral dos programas relacionados coa educación, o apoio da educación non formal da xuventude como complemento da educación regrada, co obxecto de contribuír á aprendizaxe permanente. Así mesmo, no artigo 8 recolle que a Xunta de Galicia promoverá políticas activas que favorezan o emprego xuvenil, que terán, con carácter xeral, os obxectivos da mellora da empregabilidade da mocidade, a mellora da adaptabilidade e a igualdade de oportunidades da mocidade, en especial a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no ámbito laboral.

Polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, correspóndelle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de mocidade, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social, da mobilidade xuvenil e dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera prioritario apoiar medidas que contribúan á activación das persoas mozas non ocupadas e que incrementen a súa mobilidade e autonomía persoal e sobre todo, as súas oportunidades de emprego e acceso ao mercado de traballo.

Neste ámbito enmárcase esta orde, dirixida a implementar unha liña de axudas para facilitar a obtención do permiso de condución das clases B, C e D a persoas mozas en situación de desemprego, o que vai contribuír a mellorar a súa autonomía e empregabilidade na medida na que se lles facilita aos mozos e mozas que buscan emprego e non se atopan traballando por conta propia ou allea, un instrumento que amplía as súas competencias e o seu currículo, sobre todo no caso do carné clase C e do carné clase D.

A orde axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e unha vez aprobado o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, queda sometida ao establecido no artigo 25 do dito Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e ao disposto na Orde da entón Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

De acordo co establecido no parágrafo 2 do artigo 10 da Lei 4/2019 do 17 de xullo de administración dixital de Galicia, atendendo ao colectivo de persoas físicas ás que vai destinada a convocatoria, que ten ou pode ter con facilidade a capacidade dixital requirida, co fin de axilizar a xestión das solicitudes e acadar unha maior eficiencia na tramitación, e en consonancia coas convocatorias precedentes, considérase procedente establecer a obriga de relacionarse coa Administración convocante a través de medios electrónicos.

Na súa virtude, en uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto e finalidade

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán as axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D por parte das persoas mozas residentes en Galicia coa finalidade de mellorar a súa autonomía, mobilidade e a súa empregabilidade e proceder á convocatoria para o ano 2024.

2. O código de procedemento administrativo é BS321A.

Artigo 2. Convocatoria e concesión

1. A Consellería de Política Social e Xuventude convoca estas axudas para o ano 2024.

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrència non competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, concedéndose a todas aquelas persoas solicitantes que reúnan os requisitos esixidos no artigo 5.

Se o orzamento previsto na orde non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicárase como criterio de prioridade a data de presentación.

2. No momento no que se esgote o crédito orzamentario, a Consellería de Política Social e Xuventude publicaráo no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web: <http://xuventude.xunta.es>. A partir dese momento non se admitirán novas solicitudes.

Artigo 3. *Gasto subvencionable e contía da axuda*

O gasto subvencionable é a suma a tanto alzado de obtención dos permisos de condución obxecto da presente orde, baseado no prezo medio de mercado na Comunidade Autónoma de Galicia para cada tipo de carné.

O importe da axuda será de 400 euros para a obtención do permiso de condución de clase B; de 650 euros para o permiso de clase C e de 1300 euros para o permiso de clase D.

O importe da axuda será acumulativo no caso de que unha mesma persoa solicite axuda para a obtención de dous ou dos tres permisos obxecto da orde.

Artigo 4. *Orzamento*

1. Para o financiamento destas axudas destínase un crédito de 800.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.313A.480.10, de acordo co Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

2. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Artigo 5. *Persoas destinatarias e requisitos*

Poderán solicitar as axudas as persoas mozas que cumpran os seguintes requisitos na data de presentación da súa solicitude:

- a) Ter feitos os 18 anos, sen prexuízo da idade mínima para a obtención dos permisos de clase C e D, e non ter feitos os 31.
- b) Estar empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia cunha antigüidade mínima dun ano.
- c) Non estar traballando por conta propia nin allea.
- d) Ter aprobado o/os permiso/s de conducir para o/os cales se solicita esta axuda con data de expedición entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data de presentación da solicitude.

Artigo 6. *Compatibilidade da axuda*

A obtención desta subvención é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados nacionais, da UE ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o seu importe poida ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obtención do permiso de condución que se solicite.

Artigo 7. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *DOG* e estará aberto ata o día 30 de setembro de 2024, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible, en cuxo caso estarase ao disposto no artigo 2.2.

3. As persoas solicitantes poderán solicitar información e asesoramento, en relación coa convocatoria, nos teléfonos relacionados no anexo IV e tamén de modo presencial nas dependencias sinaladas no citado anexo.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Autorización temporal para conducir expedida pola Dirección Xeral de Tráfico, no caso de que a persoa solicitante teña aprobado o/s carné/s obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido. Esta xustificación debe conter a data de obtención do permiso, que debe estar no intervalo recollido no artigo 5 d).

b) O/s certificado/s de empadramento histórico que acredite/n a antigüidade mínima esixida no artigo 5, no caso de que a última variación padroal sexa inferior a 1 ano.

A concorrencia dos demais requisitos esixidos no artigo 5 será obxecto de comprobación automática polo órgano convocante, conforme se recolle no artigo 9.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante. No caso de que a última variación padroal sexa inferior a 1 ano, deberá achegarse coa solicitude o certificado indicado no artigo 8.1 b).

d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

f) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

g) Permiso/s de condución da persoa solicitante. No caso de que a persoa solicitante teña aprobado o/s carné/s obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido, deberá achegarse coa solicitude a autorización temporal para conducir indicada no artigo 8.1 a).

h) Informe de vida laboral dos últimos 12 meses.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas solicitantes a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Emenda das solicitudes*

Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, o órgano instrutor requirirá á persoa solicitante para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fai considerarase desistida da súa petición, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de resolución, que será ditada nos termos do seu artigo 21.

Artigo 11. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. Instrución e resolución.

1. O órgano instrutor do procedemento será o Instituto da Xuventude de Galicia, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, quen elevará as súas propostas de resolución ao órgano competente para resolver, en aplicación do procedemento abreviado previsto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, por delegación da Conselleira de Política Social e Xuventude e logo da fiscalización da Intervención, a competencia para a adxudicación das axudas mediante as correspondentes resolucións. As resolucións serán notificadas de conformidade co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo máximo de cinco meses contado desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para tramitar.

3. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Unha vez notificadas as resolucións definitivas polo órgano competente, as persoas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para manifestar a aceptación ou presentar a renuncia, expresa e motivada, conforme ao modelo que se achega como anexo II.

Transcorrido o prazo sinalado sen que se producise manifestación expresa de aceptación ou renuncia, entenderase que se acepta a subvención concedida, conforme ao disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos derivadas da presente orde, practicaránse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Réxime de recursos*

1. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa notificación se esta fose expresa. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2. Malia o anterior, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se esta fose expresa. Se non o fose, poderase interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

A condición de persoa beneficiaria obriga a esta nos seguintes termos:

a) Con carácter previo á concesión e ao pagamento da axuda, estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe da axuda no suposto de incumprimento dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión e das demais obrigas contidas nesta orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na restante normativa que sexa de aplicación. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o procedemento de reintegro oportuno, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Política Social e Xuventude, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Conservar os documentos orixinais ou copias ou ben en soportes de datos comunmente aceptados, en especial versións electrónicas de documentos orixinais ou documentos existentes unicamente en versión electrónica, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, as modificacións que se produzan nos requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza.

f) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a solicitude e, de ser o caso, a obtención doutras axudas para este mesmo concepto. Para estes efectos, a persoa solicitante debe incluír no anexo I a declaración relativa a outras axudas e, con posterioridade a presentación da solicitude, comunicar a súa obtención, de ser o caso (anexo III).

g) Subministrar á Administración concedente a información necesaria ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 8 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

h) Cumprir cos requisitos e obrigas recollidas nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 3 de xuño e coas restantes obrigas contidas nesta orde e demais normativa aplicable.

Artigo 16. Xustificación

1. As persoas beneficiarias deberán achegar no prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da resolución, a seguinte documentación:

a) A declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes (anexo III).

b) As certificacións de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de

facenda da Xunta de Galicia, só no caso de que se tiveren oposto expresamente á súa consulta automática no trámite de solicitude.

2. A xustificación da suma a tanto alzado establecida no artigo 3 realizarase en función da xustificación da obtención do/s permiso/s de condución obxecto da solicitude, que se esixe como requisito das persoas solicitantes no artigo 5. d).

Artigo 17. Pagamento

Unha vez recibida e comprobada a documentación indicada no artigo 16.1 poderase proceder ao pagamento da axuda concedida.

Artigo 18. Reintegro das axudas e réxime sancionador

1. Procederá o reintegro do 100% da axuda nos termos e supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, en concreto, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no establecido nesta orde.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) Incumprimento das condicións, obrigas e incompatibilidades previstas nos artigos 5, 6 e 15 desta orde.

2. Procederá o reintegro do 5 % da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

3. Procederá o reintegro do exceso percibido máis xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puideran corresponder, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas.

4. As persoas adxudicatarias quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 19. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Artigo 20. *Base de Datos Nacional de Subvencions*

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Disposición adicional primeira. *Ampliación do crédito*

Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

A ampliación do crédito publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo do prazo para resolver.

Disposición derradeira primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento, en relación co disposto no artigo 73 a) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira segunda. *Supletoriedade*

En todo o non previsto nesta orde, rexerá a normativa en materia de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no seu regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación competencial*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para ditar cantas instrucións e actos sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2023

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e Xuventude



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA FACILITAR A OBTENCIÓN DOS PERMISOS DE CONDUCCIÓN CLASES B, C e D	BS321A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			
DATA DE NACEMENTO	SEXO				
	☐ FEMININO ☐ MASCULINO ☐ OUTRAS OPCIÓNS				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA(*)	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

(*) A persoa titular da conta ten que ser a persoa solicitante.

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

PERMISO DE CONDUCCIÓN OBXECTO DA SOLICITUDE: (pode marcarse unha ou varias opcións)

- ☐ PERMISO DE CONDUCCIÓN CLASE B
☐ PERMISO DE CONDUCCIÓN CLASE C
☐ PERMISO DE CONDUCCIÓN CLASE D



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

3. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Autorización temporal para conducir expedida pola Dirección Xeral de Tráfico (no caso de ter aprobado o/s carné/s obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido).
- ☐ Certificado/s de empadramento histórico que acredite/n a antigüidade mínima esixida no artigo 5 (no caso de que a última variación padroal sexa inferior a 1 ano).

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de residencia con data de última variación padroal da persoa solicitante	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)	☐
Informe de vida laboral dos últimos 12 meses	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)	☐ Si ☐ Non
Permiso/s de condución da persoa solicitante	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou o exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do XX de XX de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento BS321A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



COMUNICACIÓN DE DESISTENCIA DA SOLICITUDE/ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á AXUDA

BS321A - AXUDAS PARA FACILITAR A OBTENCIÓN DOS PERMISOS DE CONDUCIÓN CLASES B, C e D

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

COMUNICA:

DESISTENCIA DA SOLICITUDE

- ☐ DESISTE da solicitude presentada ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento BS321A).

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA

- ☐ ACEPTA a subvención concedida ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento BS321A).
- ☐ RENUNCIA á subvención concedida ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para facilitar a obtención dos permisos de condución clases B, C e D á mocidade galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento BS321A), deixando sen efectos a resolución recibida, polo seguinte motivo:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

BS321A - AXUDAS PARA FACILITAR A OBTENCIÓN DOS PERMISOS DE CONDUCIÓN CLASES B, C e D

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña de institucións públicas ou privadas destinadas á mesma actuación, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

ANEXO IV

Información sobre a convocatoria. Axudas permisos de conducir clases B, C e D

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado Edificio administrativo San Lázaro 15781 Santiago de Compostela Teléfonos: 881 999 025, 881 999 314, 981 545 293 xuventude.programas@xunta.gal	Centro Coordinador de Información Xuvenil Rúa de Ramón Piñeiro, 17-19 15701 Santiago de Compostela Teléfonos: 881 997 605, 881 997 606, 881 997 608, 881 997 607 informacion.xuventude@xunta.gal
Xefatura Territorial da Coruña. Consellería de Política Social e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado Espazo Amizar, R/ Gregorio Hernández, 2 - 4 15011 A Coruña Teléfonos: 881 881 238, 881 881 240 xuventudecoruna.benestar@xunta.gal	Xefatura Territorial de Lugo. Consellería de Política Social e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado Ronda da Muralla, 70 27071 Lugo Teléfonos: 982 294 224, 982 294 599, 982 294 923 xuventudelugo@xunta.gal
Xefatura Territorial de Ourense. Consellería de Política Social e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado Celso Emilio Ferreiro, 27 32004 Ourense Teléfonos: 988 386 117, 988 386 118 servizo.xuventude.ourense@xunta.gal	Xefatura Territorial de Vigo. Consellería de Política Social e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado Praza da Estrela, s/n, 1º andar 36201 Vigo Teléfonos: 986 817 078, 986 817 079, 986 817 298 xuventude.voluntariado.vigo@xunta.gal

ESPAZOS XOVES DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Espazo Xove de Curtis Estrada Estación s/n 15310 Curtis. A Coruña Teléfono: 881 880 650. espazoxovecurtis.xuventude@xunta.gal	Espazo Xove de Vilalba R/ Novo Cazón, s/n 27800 Vilalba. Lugo Teléfono: 982 828 340 espazoxovevilalba.xuventude@xunta.gal
Espazo Xove de Noia R/ Pedra Sartaña, s/n 15200 Noia. A Coruña Teléfono: 881 866 185 espazoxovenoiia.xuventude@xunta.gal	Espazo Xove de Viveiro Avda. Cervantes s/n 27850 Viveiro. Lugo Teléfono 982 870 956 espazoxoveviveiro.xuventude@xunta.gal
Espazo Xove de Pontedeume R/ Alameda de Raxoi s/n 15600 Pontedeume. A Coruña Teléfono: 881 930 476 espazoxovepontedeume.xuventude@xunta.gal	Espazo Xove de Ourense R/ Celso Emilio Ferreiro, 27 32004 Ourense. Ourense Teléfono: 988 788 241 espazoxoveourense.xuventude@xunta.gal
Espazo Xove de Betanzos R/ Valdoncel, 7 15300 Betanzos. A Coruña Teléfono: 881 880 279 espazoxovebetanzos.xuventude@xunta.gal	Espazo Xove de Lalín R/ Pena Toares, 2 36500 Lalín. Pontevedra Teléfono: 886 151 261 espazoxovelalin.xuventude@xunta.gal
Espazo Xove de Carballo R/ Valle Inclán, 24 15100 Carballo. A Coruña Teléfono: 881 880 421/420 espazoxovecarballo.xuventude@xunta.gal	Espazo Xove de Tui R/ Sanz, 28 36700 Tui. Pontevedra Teléfono: 886 110 797 espazoxovetui.xuventude@xunta.gal
Espazo Xove de Chantada R/ Rosalía de Castro, 1 27500 Chantada. Lugo Teléfono: 982 870 258 espazoxovechantada.xuventude@xunta.gal	Espazo Xove de Vilagarcía R/ Juan Carlos I, 37 36600 Vilagarcía. Pontevedra Teléfono: 886 151 843 espazoxovevilagarcia.xuventude@xunta.gal